

array(9) { ["id"]=> string(3) "200" ["titulo"]=> string(9) "MAIO 2021" ["entradilla"]=> string(0) "" ["imaxe"]=> string(8) "WEVP.jpg" ["urlDescarga"]=> string(0) "" ["archivoDescarga"]=> NULL ["faiAnos"]=> string(0) "" ["numero"]=> string(3) "360" ["eFaiAnos"]=> string(1) "0" }

## Publicidade



**o novo acceso a internet de R  
para empresas, é moito máis  
que unha banda larga**

X21 22



(https://www.mundo-r.com/gl/empresas/noba?utm\_source=ecodigital&utm\_medium=fijo\_display&utm\_campaign=lanzamiento\_noba&utm\_content=gallego)

**eco**  
REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

VENRES, 28 DE MAIO DE 2021

[◀ ATRÁS \(INDEX.PHP\)](#) · [ACTUALIDADE \(MAIS-NOTICIAS.PHP\)](#) · [A GUÍA DE ECO \(GUIA.PHP\)](#) · [SUBSCRICIÓN \(SUSCRIPCION.PHP\)](#) · [CONTACTO \(CONTACTO.PHP\)](#)

---

# Universidade e empresa falarán da tecnoloxía matemática aplicada á industria


REDACCIÓN · PUBLICADO O 28 DE MAIO DE 2021 · (0)

O “XIV Foro de Interacción Matemática Industria” analizará solucións en sectores como banca, benestar animal, **percepción sensorial de produtos de consumo**, fabricación avanzada, e intelixencia artificial

aplicada á sanidade. Será o venres 4 de xuño no edificio do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC.

---

Organizado polo Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI), (<http://www.itmati.com/>) consolida o traballo dos grupos de investigación en Matemática Industrial das áreas de Matemática Aplicada, Estatística e Investigación Operativa **das tres universidades galegas**. Celebrarase simultaneamente en modalidade presencial e virtual, e alí estarán **máis de setenta persoas** do ámbito académico e empresarial. As empresas exponrán as necesidades tecnolóxicas que xorden no seu sector e ás que se pode dar resposta a través do modelado, a simulación e optimización de procesos e dispositivos, a estatística e o Big Data.



**Maurizio Sanarico, Chief Data Scientist Global da consultora multinacional SDG Group**, falará sobre os avances que desde a súa organización desenvolveron por mor da covid-19 na Intelixencia Artificial aplicada á sanidade, para facilitar o acceso á medicina preventiva e á telemedicina. A intervención de **Guillermo Renancio, Director de Tecnoloxía do Grupo Nueva Pescanova**, versará sobre modelos

preditivos de benestar animal en contornas físicas naturais sen intervención humana. As novas solucións tecnolóxicas emerxentes no sector financeiro serán abordadas por **Aitor Biain, Xerente da compañía Almis**, e por **Adrián Pacheco, Xefe de Equipo en Álamo Consulting**, mentres que **Adriel Regueira, Head of IT & Cybersecurity de Tecdesoft**, explicará a novo paradigma da fabricación avanzada con Intelixencia Artificial para tomar mellores decisións. E **Maruxa Quiroga, CEO e cofundadora da empresa license Tastelab (<https://tastelab.es/>)**, (<https://tastelab.es/>) explicará o uso da sensometría para a análise estatística automatizada de datos en percepción sensorial para reforzar o éxito de produtos no mercado -alimentario e cosmético especialmente- a partir das respuestas dos consumidores e de expertos.

As intervencións de expertos empresariais combinaranse coas de representantes do ITMATI, que presentarán o modelo na transferencia de tecnoloxía matemática e innovación industrial, e os máster que imparten as tres universidades galegas: o Máster de Matemática Industrial ( M2i) - con participación das universidades Carlos III e Politécnica de Madrid- e o Máster en Técnicas Estatísticas ( MTE). **Elena Vázquez, investigadora adscrita a ITMATI, e decana da Facultade de Matemáticas da USC** destaca o alto volume de empresas que colaboran con ambos os másteres, ao redor de 120. "Isto permítenos xerar unha potente rede de coñecemento, formar a mozos profesionais e facilitar a súa incorporación a empresas, escoitar aos sectores produtivos e favorecer a súa competitividade, á vez que resolvemos problemas". Na mesma liña pronúnciase **Silvia Lorenzo, investigadora do CITIC e de ITMATI**, e profesora titular da UDC. Subliña o alto atractivo destes perfís profesionais no mercado laboral: "detrás da rápida dixitalización da economía e de termos tan de moda como a Intelixencia Artificial, o Big Data ou o Internet das Cousas están as matemáticas e, en particular, a estatística, a optimización e a simulación numérica".

**Íñigo Arregui Álvarez, que coordina o Máster de Matemática Industrial na UDC** pon como exemplo os beneficios que achegan métodos e simulación numérica nos procesos operativos de industrias tan presentes en Galicia como o **naval, a automoción ou as finanzas**. Ademais, sinala a

alta cualificación dos estudiantes do programa, de algo más de un año e medio de duración, que incluye prácticas en compañías dentro e fóra de España.

---



(<http://www.facebook.com/sharer.php?>



([http://twitter.com/home?](http://twitter.com/home?status=Lendo+Universidade+c+empresa+falar%C3%A1+da+tecnolog%C3%ADa+matem%C3%A1tica+aplicada+%C3%A1+industria+en+ECO+Revista+do+Eixo+A+Int%C3%ADcio%3B+http%3A%2F%2Fecodigital.com%2Fpost.php%3Fid%3D12844)



(<https://plus.google.com/share?url=http%3A%2F%2Fecodigital.com%2Fpost.php%3Fid%3D12844>)

---

## COMENTAR NOTICIA

Alias

Comentario

**ENVIAR > ()**

COMENTARIOS (0)

---